

CONCELLO DE



PONTE CALDELAS

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 505/2016

Á vista da necesidade de ampliación e mellora dos parques infantís de Ponte Caldelas e Xustáns, mediante a substitución dalgún xogo existente que se encontra obsoleto e nalgún caso en mal estado e, polo tanto, practicamente en desuso, ocupando un gran espazo do que os veciños non gozan, por outros que teñan unha maior utilidade e desta maneira teña una maior aproveitamento de dito espazo. Foi solicitada unha subvención á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Dirección Xeral de Administración Local, en virtude da *ORDE do 23 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2016, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (DOG núm. 247, do 29 de decembro)*, en data 02.05.16 foi concedida unha axuda por un importe de 26.445,69 € (80% do investimento), notificada en data 04.05.16 ao Concello.

En virtude do Plan de Concellos 2016, da Deputación Provincial, concedeuse en data 10.06.16, unha subvención por importe de 13.553,41 € con destino ó financiamento do investimento "*Mellora de parques infantís*", adecuado dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na base 8ª, á Liña 1, Investimentos, tratándose dun investimento municipal executado polo Concello dentro do marco das súas competencias.

O orzamento máximo é de 33.057,11 € máis 6.941,99 € de IVE, 39.999,10 € IVE incluído.

Á vista do informe técnico da Arquitecta municipal no que desglosa o orzamento e, aínda que se trata dun contrato mixto de obras e subministro, se considera maior importe o da obra (15.797,89 €) fronte ó de subministro (11.981,20 €).

Á vista do exposto, por acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.16 considérase realizar o "*contrato de obras de mellora dos parques infantís de Ponte Caldelas*", que será obxecto de tramitación ordinaria e adxudicación mediante procedemento negociado sen publicidade, ao abeiro do disposto no artigo 171.d. do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Visto do certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención municipal de 05.07.16 e vistos os informes de Intervención e de Secretaría de 05.07.16.

Por Resolución de Alcaldía nº 324/2016 de 05.07.16 aprobouse o expediente de contratación da obra "*Mellora dos parques infantís de Ponte Caldelas*" por procedemento negociado sen publicidade, autorizouse o gasto, aprobouse o prego de cláusulas administrativas particulares e invitouse ás seguintes empresas:

- Excavaciones y construcciones Barreiro, SL

- Ingeniería de Tecnologías Energéticas de Oroso, SL
- Cendan y Filgueira, SL
- Proxecta Obras e Servicios, SL
- Zona de Obra O Rosal, SLU
- ECOGALAICO INNOVACIÓN, SL
- PROSISTECO - Ima Productos Técnicos, SL

Ademais das empresas invitadas presentaron unha primeira oferta as seguintes:

- Anyclen, SL
- Vertia Ingeniería, SL

En data 11.07.16 detectouse un erro nos pregos e por Resolución de Alcaldía nº 337/2016 procedeuse á súa corrección e á apertura dun novo prazo de presentación de proposicións, que foi notificada á totalidade das empresas.

Presentaron proposicións as seguintes empresas:

- Excavaciones y construcciones Barreiro, SL
- Ingeniería de Tecnologías Energéticas de Oroso, SL
- Cendan y Filgueira, SL
- Proxecta Obras e Servicios, SL
- Zona de Obra O Rosal, SLU
- ECOGALAICO INNOVACIÓN, SL
- PROSISTECO - Ima Productos Técnicos, SL

En data 06.09.16, en cumprimento do establecido nos pregos e reunidos no despacho de Alcaldía o Sr. Alcalde, a Sra. Secretaria e a Sra. Interventora accidental, procédese á apertura dos sobres A, que conteñen a declaración responsable. Á vista de que se admiten todas as empresas presentadas se procede á apertura dos sobres B, e se dan os seguintes resultados:

EMPRESA	PREZO	SEN IVE	PUNTOS	DÍAS	PUNTOS	TOTAL PUNTOS
PROXECTA OBRAS E SERVIZOS, SL	29.751,40 €	0,44	3	3,00		3,44
EXCAVACIONES BARREIRO, SL	25.784,55 €	0,98	4	2,25		3,23
CENDÁN Y FILGUEIRA, SL	24.131,70 €	1,20	4	2,25		3,45
INGENIERÍA DE TECNOLOGÍAS ENERGÉTICAS DE OROSO, SL	29.090,26 €	0,53	3	3,00		3,53
ZONA DE OBRA O ROSAL, SLU	22.809,40 €	1,38	5	1,80		3,18
ECOGALAICO INNOVACIÓN, SL	18.181,41 €	2,00	5	1,80		3,80
PROSISTECO-IMA PRODUCTOS TÉCNICOS, SL	23.470,54 €	1,29	7	1,29		2,57
PREZO MÁXIMO LICITACIÓN	33.057,11 €					
MENOR PREZO	18.181,41 €					
MENOR PRAZO EJECUCIÓN				3 DÍAS		
MEDIAS CALCULADAS	24.745,61 €					
MEDIA INCREMENTADA EN 10%	27.220,17 €					
MEDIA DISMINUIDA EN 10%	22.271,05 €					
NOVA MEDIA ART.85 RD1098/2001	22.875,52 €					
MEDIA DIMINUÍDA EN 10%	20.587,97 €					



CONCELLO DE PONTE CALDELAS

A empresa ECOGALAICO INNOVACIÓN, SL, presentou unha oferta que se pode considerar desproporcionada ou temeraria segundo o recollido no artigo 85 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Por Resolución de Alcaldía nº 419/2016, de 07.09.16, déuselle audiencia ó licitador ECOGALAICO INNOVACIÓN, SL para que xustifique a valoración da oferta.

En data 09.09.16 a empresa ECOGALAICO INNOVACIÓN, SL presentou a xustificación da valoración da oferta.

En data 15.09.16 a Arquitecta Municipal emitiu un informe onde analiza a documentación presentada polo licitador e do que se desprende que non recae nunha baixa temeraria ou desproporcionada do prezo.

Por Resolución de Alcaldía nº 436/2016 de 19.09.16 declarouse como oferta economicamente máis vantaxosa a presentada pola empresa ECOGALAICO INNOVACIÓN, SL ó ofertar o menor prezo, 18.181,41 € máis un IVE de 3.818,10 €, total 21.999,51 €, e un prazo de execución da obra de 5 días, obtendo unha puntuación de 3,80 puntos, e que se lle requiriu a documentación que se recolle no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares na cláusula 13 e a constitución da garantía definitiva. A Resolución foi notificada a todos os licitadores.

En datas 29 de setembro e 5 e 6 de outubro de 2016 o interesado presentou diversa documentación, así como en data 29.09.16 o ingreso na conta do Concello en concepto de garantía definitiva polo importe de 909,07 €.

Visto o informe de fiscalización-Fase D da Intervención municipal de data 13.10.16.

Á vista do orzamento presentado en data 17.10.16 por D. Ángel M. Roncero Díez para a coordinación de seguridade e saúde na fase de execución das obras.

Á vista do exposto, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, e que no artigo 10 na Lei 40/15 establece "*Artigo 10. Avogación. 1. Os órganos superiores poderán avogar para si o coñecemento dun ou varios asuntos cuxa resolución corresponda ordinariamente ou por delegación a os seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial fagan conveniente*" e á vista do exposto e das competencias establecidas na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **RESOLVO:**

**PRIMERO.** Avogar puntualmente a competencia delegada por Resolución de Alcaldía nº 228/2015 na Xunta de Goberno Local en data 15.06.15.

**SEGUNDO.** Que no contrato de “**Mellora dos parques infantís de Ponte Caldelas**” sexa adxudicado á empresa **ECOGALAICO INNOVACIÓN, SL** por importe de **18.181,41 €** máis un IVE de **3.818,10 €**, total **21.999,51 €**, e un prazo de execución da obra de **5 días**, de acordo coas condicións establecidas nas *Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan de Concellos) 2016*, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 233, do 2 de decembro de 2015, coa *ORDE do 23 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2016, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (DOG núm. 247, do 29 de decembro)* e co previsto no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexen este contrato.

O prazo de execución previsto na oferta é de cinco (5) días dende a data de sinatura da acta de comprobación de replanteo, co límite do día 26.10.16 para que poida ser xustificada en prazo polo Concello.

**TERCEIRO.** Aprobar o gasto correspondente ó contrato de obras de “**Mellora dos parques infantís de Ponte Caldelas**” por un importe de 21.999,51 € para o ano 2016 con cargo á partida 171/609.00 do vixente orzamento para o 2016.

**CUARTO.** Nomear como directora da obra á Arquitecta Municipal, D<sup>a</sup> Andrea Estévez Fernández e a D. Ángel M. Roncero Díez para a coordinación de seguridade e saúde da obra.

**QUINTO.** Notificar ó adxudicatario o presente acordo e requirirle para a sinatura do contrato en documento administrativo dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte ó da notificación da adxudicación, todo isto de conformidade co artigo 156 do Real decreto legislativo 3/2011 polo que se aproba o Texto refundido da Lei de CSP.

**SEXTO.** Notificar o presente acordo ós interesados e que se publique no Taboleiro e no Perfil do Contratante do Concello de Ponte Caldelas.

Ponte Caldelas, 17 de outubro de 2016

O alcalde,

Asdo: Andrés Díaz Sobral

